



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

### **ANUNCIO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 38/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS E CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS.**

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de novembro de 2023, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 38/2023 na modalidade de suplementos de créditos e créditos extraordinarios por importe de 685.855,10 €.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 169.1, do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, sométese o expediente administrativo a exposición pública polo período de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña*, para que os interesados poidan examinalo na Intervención do Concello e interpor diante do Pleno as reclamacións que consideren oportunas. A modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Val do Dubra, 22 de novembro de 2023.  
Asdo.: Diego Luís Díaz Méndez, alcalde.

*Val do Dubra, naturalmente*